

Vinte e cinco anos exaltando a repostería tradicional de Melide

A festa máis doce, a que cada ano homenaxea a melindres, ricos e amen-
doados como produtos
artesáns de calidade e
típicos de Melide, chega
ás vodas de ouro plena-
mente consolidada e con
novos obxectivos. Aos
seus 25 anos a Festa do
Melindre segue medrando
e terá por primeira vez
dúas xornadas de cele-
bración; o 7 e 8 de maio.
Máis días e máis contidos
para un evento que busca
xa a declaración como
Festa de Interese Turís-
tico Nacional. P17



MELIDE

O BNG queda nunha situación crítica logo da dimisión dos tres edís P11

COMARCA

Sobrado acollerá a entrega de premios do rally internacional do Mandeo P14

CULTURA

Os escolares do Pastor Barral, protagonistas dun videoclip de campionato P19

ENTREVISTA



Eshter
Bouzo, La
Cortina P23

Sorteo de 4.000 € entre a clientela do comercio local



A Federación Galega de Comercio e Asetem organizan en Melide entre o 9 e o 20 de maio unha campaña de dinamización comercial con gorentosos premios. P3

Crean un catálogo dixital do patrimonio melidense



Melisa e o Museo da Terra de Melide lanzan unha páxina web que aspira a catalogar no medio prazo todos os elementos patrimoniais da comarca. P6

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Para que te quero, lei?

Hai problemas de fondo que se arrastran no tempo e que só de vez en cando saen a relucir para recordarnos que cómpre buscarlles unha solución. Iso pasou en Melide coas vivendas abandonadas ou en estado ruinoso, unha problemática frecuente nos cascos urbanos de moitas localidades galegas que saltou á primeira plana na nosa vila logo da caída á rúa de elementos procedentes de tres inmobles en mal estado que se atopan na Avenida de América.

O Concello reaccionou con rapidez garantindo o esencial, a seguridade dos viandantes, pero agora hai que dar un novo paso e ir máis alá para garantir tamén un urbanismo sostible e evitar que as nosas rúas se vaian convertendo pouco a pouco nun cemiterio arquitectónico. Dende o departamento municipal de urbanismo xa se fixeron apercebimentos naqueles casos máis urxentes pero probablemente avisar e apelar á responsabilidade sexa insuficiente por esa mala costume que temos como cidadáns de deixar ir pasando e pola nosa escasa conciencia de colectividade.

Cómpre xa que logo contundencia; facer presión e facer cumprir as leis ata onde sexa necesario co obxectivo de lograr o que é mellor para to-



dos. Acontece con demasiada frecuencia que se aproban dende as distintas administracións leis, normativas, regulamentos e ordenanzas que logo non se fan cumprir, ben por falta de intención ou ben por falta de medios. Sexa como sexa acaban sendo papel mollado e deixan de ter sentido como patróns para regular a convivencia cidadá, obxectivo para o que foron creadas.

Un exemplo representativo son as coñecidas como “ordenanzas da madeira” que foron aprobando os concellos nos últimos anos, con multas de grandes contías, para evitar os destrozos provocados nas infraestruturas municipais pola extracción da madeira. Aprobadas as ordenanzas e pasado

o tempo, un paseo polo rural abonda para saber que as empresas forestais seguen campando ás súas anchas. Outro tanto pasa coa obrigatoriedade de manter as fincas limpas para evitar incendios. Fan algo os bandos? En Melide atopamos máis exemplos nos coches que seguen aparcando impunemente na rúa San Antón, onde o estacionamento foi prohibido, e na ordenanza que regula os mercados dominicais, cuxa non aplicación fai das feiras un territorio sen lei.

As normas están para cumprilas, porque é preciso que convivamos do xeito máis correcto posible. É responsabilidade das administracións facelas cumprir. Aínda que sexa con medidas impopulares.

Tribuna de opinión

Melide é melindre

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A Festa do Melindre cumpre 25 anos. É un bo momento para felicitarmonos como melindenses por ser quen de manter no tempo e darlle continuidade a esta celebración. É un bo momento para darlle a noraboa aos centos de persoas que dende a primeira edición á presente, veciños e veciñas de todos os idearios e condicións, sumaron forzas para poñer en valor e promocionar algo tan noso e que tan ben nos define. Un bo momento tamén para felicitar aos melindreiros e melindreiras, alma mater desta festa, que foron quen de traer ata o presente xeración tras xeración os nosos doces tradicionais.

O melindre é un exemplo do que é Melide, un pobo que

sabe definirse e crear unha identidade propia a través das súas festas, que non son poucas. Cada unha delas serve para proxectarnos ao exterior e para crear imaxe de marca.

Comentaba non hai moito tempo un socio de Asetem con membros desta xunta directiva que se sentía orgulloso de ir por Galicia adiante e descubrir que Melide era coñecido por ser terra de xente loitadora, traballadora, con iniciativa e que pelexaba polo seu.

Sintámonos orgullosos de selo e continuemos pola senda que nos trouxo ata aquí, co melindre e a súa festa como exemplo nesta ocasión do que é Melide; un pobo que sabe proxectarse ao mundo partindo das súas raíces.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
 Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
 Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López
AGRADECEMENTOS: Pilar López López, Adolfo Álvarez Fuentes
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Mercar en Melide entre os días 9 e 20 de maio premiarase con 4.000 euros

Chega a campaña *As compras na túa vila teñen premio*, organizada pola Federación Galega de Comercio e Asetem



Cientes depositando os seus boletos para o sorteo da campaña realizada en Monforte

As tendas de Melide teñen sempre moito que ofrecer, pero entre os días 9 e 20 de maio engadirán á súa variada oferta 30 tarxetas-regalo con premios de 300 e 100 euros que serán sorteadas entre a clientela do comercio local. Tan sucullenta recompensa chega de man da campaña “As compras na túa vila teñen premio”, unha iniciativa impulsada pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Xunta e Asetem, que se desenvolverá en Melide durante dúas semanas.

A mecánica desta cam-

paña, na que participan todos os establecementos comerciais do casco urbano, é do máis sinxelo: a organización instalará unha carpa no Cantón de San Roque que, atendida por azafatas, se converterá no punto de referencia para clientes e comerciantes durante os días que dure a iniciativa. Ata ese lugar terán que acudir os consumidores que merquen nas tendas da vila co fin de cambiar os seus tickets de compra por boletos para participar no sorteo dos premios anteriormente citados.

Dito sorteo celebrarase na

xornada de clausura da campaña, é dicir, o 20 de maio. Dará comezo ás 20:00 horas e terá como escenario a Praza do Convento, onde se instalará unha carpa de maiores dimensións que acollerá un completo programa de actividades e espectáculos de animación. Entre eles destaca o do mago cómico “O Rei Midas”, que comezará ás 19:00 e estará dirixido ao público infantil.

É requisito imprescindible que os consumidores estean presentes no sorteo para poderen recoller o seu premio en caso de resultar agraciados.

OBXECTIVO: DIFUNDIR AS BONDARES DO COMERCIO TRADICIONAL

Melide, xunto con Monforte de Lemos, Ourense e Pontevedra foi unha das localidades elixidas pola Federación Galega de Comercio para poñer en marcha “As compras na túa vila teñen premio”, unha campaña dirixida á promoción do consumo no comercio tradicional mediante a difusión das bondades, o bo servizo e a calidade que lle proporciona o pequeno comercio ao consumidor. Esta iniciativa leva realizándose nove anos e non é a primeira vez que recala en Melide, onde xa se celebrou en 2010 con moi boa acollida por parte dos comerciantes e con éxito de público.

Dende Asetem agardan que a resposta sexa semellante nesta ocasión e que a campaña sirva “para acabar de convencer a quen aínda teña dúbidas de que o comercio de Melide está a un gran nivel e de que somos un centro comercial aberto do máis completo e competitivo”, sinala o presidente, Manuel Vázquez. A patronal agradece que se pensara en Melide para desenvolver unha campaña “que non só beneficiará a comerciantes e clientes en termos económicos senón que tamén fará unha promoción impagable de Melide como marca e referente comercial”.



En total repartiranse 4.000 euros distribuídos en 5 tarxetas-regalo de 300 euros e outras 25 de 100 euros cada unha. As persoas premiadas deberán consumilas nas tendas de Melide.

A presentación oficial de “As compras na túa vila teñen premio” realizarase o luns 9

de maio ás 12:00 no Cantón de San Roque, un acto ao que está prevista a asistencia do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde. Estará acompañado por responsables da Federación Galega de Comercio, do goberno local e da patronal melidense.

clínica dental



melident

laboratorio propio

- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Tfno.: 981 507 508 - Rda. de Pontevedra, 67, b. 15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 981 516 601 - Rúa Casal de Munín, 2, b. 15818 BOIMORTO (A Coruña)



2^{as} gafas
GRATIS

al comprar tus
mó progresivas
alta gama

197 €

*Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

Socios de Asetem beneficiaranse de descontos en contratos con Vodafone

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) continúa coa liña de sinatura de convenios con empresas de diferentes sectores para lograr condicións vantaxosas para os seus socios e contribuír á redución de gastos.

Desta volta a directiva da patronal melidense vén de asinar un acordo con Vodafone a través do cal os establecementos asociados poderán acceder a diferentes descontos, que se aplicarán en función do número de liñas e servizos contratados:

- Aqueles negocios que teñan menos de 9 (incluíndo o teléfono fixo e ADSL), poderán beneficiarse dunha rebaixa do 20% durante tres meses. No caso de que só teñan liñas móbiles, o desconto será do 25% durante seis meses.

- Os negocios con máis de 9 liñas ou servizos contratados terán como mínimo un 10% de desconto no total da facturación e por tempo indefinido.



Daniel Gómez (Mofitel Telecom.) e Manuel Vázquez (Asetem)

As condicións recollidas neste convenio, que foi asinado grazas á intermediación de Mofitel Telecomunicaciones, aplicaráselle de xeito automático aos clientes que contraten os seus servizos con Vodafone e aos que renoven as súas condicións actuais. Esta liña de descontos foi creada especificamente por dita compañía telefónica para asocia-

cións empresariais e comerciais. A eles só poderán acceder os establecementos que estean asociados a Asetem.

Os empresarios e comerciantes interesados en contratar os servizos ou obter máis información deben dirixirse a Daniel Gómez, xefe de equipo de Mofitel Telecomunicaciones, a través do número de teléfono 697 833 221.

“Unha voltiña por Melide” traerá máis de 500 persoas á vila este ano

Xa está en marcha a segunda edición de “Unha voltiña por Melide”, a campaña de dinamización comercial posta en marcha por Asetem a través da cal grupos de turistas do Imsero aloxados no Balneario Río Pambre pasan unha tarde de lecer e compras na vila. Tralo éxito acadado en 2015, o pasado 26 de abril retomouse este programa coa chegada da primeira expedición de visitantes. Ata o 20 de decembro virán un total de 23 grupos, que sumarán no seu conxunto máis de 500 persoas. Os visitantes son trasladados nun autobús fretado polos 25 establecementos asociados a Asetem que colaboran con esta iniciativa. Durante o traxecto entrégaselles un tríptico con información dos comercios participantes e dos principais lugares de interese.



Pilar López, xerenta de Asetem, acompañando un grupo de turistas

HUAWEI G PLAY mini

OCTACORE
CÁMARA 13MPX
PANTALLA 5" HD
2GB DE RAM



149,90€



Nace Abeancos.gal, o catálogo dixital e aberto do patrimonio comarcal

Melisa e o Museo da Terra de Melide están detrás desta web que describe elementos naturais, arqueolóxicos e arquitectónicos



O Forno dos Mouros, en Toques, ilustrará a portada web de Abeancos.gal

Unha iniciativa pioneira que nos permitirá acceder ao vasto patrimonio da comarca melidá dun xeito áxil e sen sequera saír das nosas casas. Así é Abeancos.gal, o “catálogo dixital aberto de elementos patrimoniais da Terra de Melide”. Quen o define é Rafael Rodríguez Gaioso, presidente da Asociación de Usuarios de Software Libre de Melide (Melisa), a entidade que, xunto co museo comarcal, impulsou esta ambiciosa páxina web. Ningunha das súas palabras é casual: “dixital implica que é accesible a todo o mundo e aberto significa que os contidos empregados teñen unha licenza libre e poden ser reutilizados por quen queira”.

Con esta filosofía nace Abeancos.gal, un proxecto “feito con paixón”, tal e como reza o rodapé da propia web. Quere isto dicir que saíu adiante única e exclusivamente co esforzo voluntario dun grupo aproximado de dez persoas. Dixital, aberto e altruísta son, xa que logo, as tres características principais deste proxecto que será presentado ao público o 14 de

maio ás 20:00 horas nas instalacións do Museo da Terra de Melide.

Ferramenta necesaria

Abeancos.gal está inspirado nunha iniciativa previa desenvolta polo Concello de Mugar dos e denominada “Cultura da Auga”, na que se realizaba unha catalogación dos lavadoiros e fontes do municipio. A versión local emprega a mesma tecnoloxía web pero nela abriuse o espectro para catalogar todo tipo de elementos patrimoniais de Melide “e a súa área de influencia”. De aí o nome Abeancos, antiga xurisdición que incluía máis territorios dos que inclúe a actual delimitación xeográfica da comarca.

Desa parte de catalogación encárgase o persoal do museo melidense, que recibiu a proposta de Melisa cos brazos abertos: “quen di que non a isto?”, comenta Xurxo Broz, colaborador da galería, “sobre Melide tense publicado moitísimo pero nin sequera existía un catálogo físico como o que se poderá atopar na web. Non estabamos adaptados aos tempos e con este catálogo di-

xital vaise cubrir unha carencia que había; é unha ferramenta necesaria e con futuro”.

Valor documental, pedagóxico e turístico

De cara ao seu lanzamento Abeancos.gal incluírá 36 elementos patrimoniais, aínda que a idea é que a longo prazo acaben figurando “todos os que existen”, clasificados en diferentes categorías: elementos naturais, arqueoloxía, arquitectura relixiosa, civil e popular, cruceiros, pazos e pontes. “Non quixemos meter só os máis típicos, senón tamén aqueles que a xente aínda non os ten asimilados como patrimonio”, sinala Cristina Vázquez, arqueóloga do museo. É por iso que xunto cos principais monumentos de Melide aparecerán outros como unha escola de principios do século XX, o curtidouro de Furelos ou a Penamoura, formada pola erosión natural pero “cun folclore cultural asociado que a fai máis interesante”.

A ese carácter pedagóxico engádese tamén un compoñente práctico: “escollemos elementos facilmente visita-

Unha xoia como logo; as inscricións dun cargadeiro de Paradela

A imaxe escollida para ilustrar o logotipo de Abeancos.gal é ben representativa da riqueza patrimonial da comarca; unha boa carta de presentación e anticipo dos contidos que atoparán os internautas que accedan á páxina web. Reflicte as inscricións que se atopan no cargadoiro da porta principal dunha casa antiga do lugar de Paradela, en Toques. Descoñécese con exactitude a súa antigüidade (puideron ser gravadas na época baixomedieval ou nos inicios da Idade Moderna, mesmo en diferentes etapas) pero o que si está claro é que o cargadoiro constitúe toda unha xoia patrimonial pola conxugación de elementos que alberga, todos eles máxicos e protectores: estrelas, unha vaca, unha cruz latina, un crecente de lúa invertido...

Segundo explican dende o museo da Terra de Melide, estes elementos podíanse empregar en dúas direccións diferentes: para espantar o mal da casa e “evitar unha mala colleita, unha praga, unha peste...” ou para indicar que nese lugar se traballaban as artes naturais de sanación, pois todos os elementos son tamén propios da santería. Esta versión colle forza se temos en conta que no cargadoiro tamén hai un pentagrama, un símbolo culto “cuxo significado non coñecía todo o mundo”. Isto leva a pensar que na casa de Paradela habitaron curandeiros ou meigas boas con fondos coñecementos.



bles, porque algúns son formidables pero están convertidos nunha selva e calquera que se achegue alí non sería capaz de recoñecelos”, explica Xurxo Broz, “eliximos sitios aos que se pode chegar facilmente en coche e sacar fotografías”. Deste xeito ao valor documental a web engade tamén un valor turístico, e non só para a xente de a pé: “empregamos Open Street Map, polo que todos os datos que incorporamos quedan dentro dun mapa aberto e poden ser utilizados para calquera fin por particulares ou empresas”, sinala Rafael Rodríguez.

Un dos seus compañeiros de Melisa, Jorge Lama, des-

taca outro dos aspectos diferenciadores de Abeancos.gal: “nos elementos que consideramos máis interesantes fixemos modelos 3D para incluír unha vista de 360 graos”. E non só iso, pois nalgúns ocasións tamén se inclúen lendas asociadas, cunha versión en audio e outra escrita. En todos os casos a información é do máis completa; a ficha de cada un dos elementos patrimoniais incorporados á páxina web inclúe nome, tipo de elemento, fotografías, catalogación do acceso e do estado de conservación, localización con coordenadas, cronoloxía e unha descrición sintética accesible a todos os públicos.

TOMA NOTA! A presentación de Abeancos.gal será o sábado 14 de maio ás 20:00 no Museo da Terra de Melide



*De onte, de hoxe
e de sempre
todo para o teu coche*



**PINTURAS
ESCOBILLAS**



BATERÍAS

CORREAS



ACEITES



RODAMENTOS

AGRÍCOLA



**ANTI-
CONXELANTES**



Avenida de Lugo, 4 ~ MELIDE
Tlfs.: 981 50 54 19 / 659 36 78 60
sandomelide@hotmail.com

Grupo Jim Sports

Nuevas instalaciones en Palas de Rei

JIM SPORTS
GRUPO



**La mayor plataforma logística
de deporte del sur de Europa**



Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio. Otra es hacerlo:

Cuenta Expansión Negocios PRO.

1 / 6

Este número es indicativo del riesgo del producto, siendo 1/6 indicativo de menor riesgo y 6/6 de mayor riesgo.

Banco de Sabadell, S.A. se encuentra adherido al Fondo Español de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. La cantidad máxima garantizada actualmente por el mencionado fondo es de 100.000 euros por depositante.

Una cuenta que pone a su alcance financiación a la medida de su negocio.

10%

Te abonamos el 10% de tu cuota de asociado*.

+

0

comisiones de administración y mantenimiento**.

+

Gratis

Una tarjeta de crédito y una de débito por titular y autorizado.

+

TPV

Terminal punto de venta en condiciones preferentes.

Y muchas más ventajas. La **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

Llámanos al 902 383 666, identifícate como miembro de tu colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

Estas condiciones se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Actualmente, como mínimo se debe cumplir uno de los siguientes requisitos: un cargo en concepto de emisión de nómina, un cargo en concepto de seguros sociales, un cargo en concepto de impuestos o dos cargos en concepto de recibos. Estos requisitos son de cumplimiento mensual: si al tercer mes no se cumplen estas condiciones, automáticamente la Cuenta Expansión Negocios PRO pasará a ser una cuenta relación.

*Hasta un máximo de 100 euros anuales por cuenta, con la cuota domiciliada. El abono se realizará durante el mes de enero del año siguiente.

** Rentabilidad 0% TAE.

Puede hacer extensiva esta oferta a sus empleados y familiares de primer grado.

bancosabadell.com

Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'





- MENÚ DO DÍA
- OS VENRES, COCIDO
- CAZA POR ENCARGA
- COMIDAS PARA EVENTOS

Santa María
MELIDE

Teléfonos:

981 50 76 17

606 59 04 46



DESAYUNO DEL PEREGRINO

3'50 EUROS

Abrimos a las 7:00

ESPECIALISTAS EN PARRILLADAS

Chiquitín *A parada no teu Camiño*



* Especialidade en pulpo e carnes galegas

* Especialidade en hamburguesas de boi de Kobe
 e polo con espinacas

* Menú do día

* Menú do peregrino

* Habitacións

* Almorzos

* Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560

Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE

www.chiquitinmelide.es

info@chiquitinmelide.es

O BNG queda en situación crítica trala dimisión dos seus tres edís

Os ex-concelleiros explicarán a súa decisión ante a cidadanía nun encontro que se celebrará o 6 de maio ás 20:30 no Multiusos



Os xa ex-concelleiros do BNG nas escaleiras de Calvo en agosto do ano pasado

Corren malos tempos para o BNG de Melide. A formación nacionalista afronta unha situación crítica a nivel municipal trala dimisión dos tres concelleiros saídos das urnas en maio do ano pasado e a renuncia de ata 12 integrantes da candidatura electoral a ocupar os postos vacantes.

Un mes despois do inicio desta crise o partido segue sen representantes na corporación.

Descoñécese ademais se os membros das listas electorais do BNG que non presentaron renuncia accederán finalmente a ocupar os asentos deixados polos edís saíntes. En caso de aceptar, o novo portavoz dos nacionalistas sería Pablo Villasante (nº 7 da candidatura). Acompañaríanlo Gutier González (nº 11) e Manuel Souto (nº 13).

O particular calvario do

BNG comezou o pasado 7 de abril, día no que Xosé Igrexas, ata daquela voceiro municipal, presentou a súa dimisión no rexistro do Concello. Como telón de fondo estaba a decisión dos seus dous compañeiros de filas, Xosé María Santín e Adrián Iglesias, de causar baixa como militantes do BNG e solicitar a súa permanencia na corporación como concelleiros non adscritos.

Dalia García: “coa dimisión do portavoz o BNG desaparece de Melide”

O PP aproveitou para facer leña da árbore caída e saíu ao paso dos acontecementos para criticar aos nacionalistas por “abandonar á súa sorte aos votantes do BNG”. Consideran que as dimisións dos edís son o resultado da “desorganización interna” e da “falta de compromiso cos ideais políticos que defendían hai tan só uns meses”. En opinión dos populares o BNG queda “defunto e deambulante” trala dimisión de Xosé Igrexas, a quen definen como “un voceiro cada vez máis canso da soidade á que se vía sometido día tras día nos plenos e nos actos públicos, sen ver recompensado o seu traballo nin en votos nin en apoio do seu grupo”.

Precisamente Igrexas criticou a actitude mantida polos populares nesta cuestión: “non é momento de sacar tallada política e pido respecto”, dixo en relación aos papeis cos que o PP empapelou a vila opinando sobre o acontecido.

Ante este novo panorama, e tras recoñecer que o partido e o grupo municipal quedaban nunha situación difícil, Igrexas decidiu tirar a toalla logo de cinco anos como líder do BNG local argumentando que non sería quen de seguir desempeñando “ao cento por cento” o seu papel de concelleiro.

Días máis tarde, concretamente o 16 de abril, Xosé María Santín e Adrián Iglesias presentaron tamén a súa dimisión como edís logo de que a dirección nacional do BNG reivindicase como propias do partido as súas actas de concelleiro e os instase a cumprir co código ético que asumiran como candidatos nacionalistas. Na súa despedida política os dous edís dirixíronse á veciñanza a través dun comunicado no que expresaron que

“xa hai tempo que o camiño trazado polo BNG a nivel nacional transcorre por vieiros que respectamos pero que non compartimos” e no que manifestaron que seguirán “traballando para mellorar a indignantísima situación na que nos atopamos” pero que o farán “dende trincheiras diferentes ás empregadas ata o de agora”.

Tamén Xosé Igrexas deixou a porta aberta a unha posible volta á primeira liña: “seguro que nos volveremos atopar no terreo político”, dixo dirixíndose aos edís do PP no seu último pleno, que aproveitou para agradecer o apoio da cidadanía e manifestar que durante o seu tempo como concelleiro actuou “do xeito máis correcto” que puido e foi “o máis coherente e responsable posible”.

INFÓRMATE E OPINA SOBRE O LEADER 2014-2020

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandoe (GDR UTM) continúa co deseño da estratexia de crecemento local que presentará para optar a recibir entre 3 e 5 millóns de euros ao abeiro do Programa Leader 2014-2020.

Unha vez rematada a primeira rolda de reunións territoriais cos membros da asociación e presentado un estudo socioeconómico do territorio (conformado polos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Santiso, Toques, Touro e Vilasantar), o GDR abre agora unha segunda rolda de encontros nos que invita á xente do rural a expoñer as súas inquedanzas e achegar ideas. A par-



Asetem participou na primeira das reunións celebradas en Melide

tir deste proceso participativo e vistas as necesidades, concretaranse obxectivos, prioridades e medidas. A primeira das reunións abertas á cidadanía será

o 10 de maio no Edificio Multiusos de Melide. Comezará ás 18:30. Á mesma hora o 19 de maio haberá outra na casa do Concello de Sobrado.

FOTODENUNCIA



Ser é ben sufrido, pero valer pouco vale. Os que pasamos por diante del a diario temos que facer un esforzo de imaxinación para entendela. Os que pasan unha vez na vida, sexan visitantes ou peregrinos, a saber que entenderán! Hai a carón dunha capela un cartel, raído e queimado polo sol, que debera ser cambiado.

O Concello insta aos propietarios de casas ruinosas a que as amañen

De todos é coñecida a proliferación de vivendas abandonadas ou ruinosas que existen no casco urbano de Melide. O avanzado estado de deterioración dalgunhas delas comeza a representar non só un problema urbanístico e estético, senón tamén de seguridade para veciños e viandantes.

É por iso que o Concello está decidido a tomar cartas no asunto e comezará por facer apercibimentos a todos os propietarios de casas en mal estado para que procedan a arranxalas. “Facemos un chamamento aos propietarios de construcións deterioradas para que polo menos actúen sobre as necesidades máis urxentes, como poden ser os balcóns, os elementos de carpintería ou todo o que resulte perigoso para o viandante ou os automóviles”, sinalou na radio municipal a alcaldesa, Dalia García, ao tempo que apelou á responsabilidade da veciñanza: “debemos de ter un urbanismo



que camiñe cara a unha boa hixiene ambiental”.

A voz de alarma sobre os perigos que entrañan as casas ruinosas dérona os residentes da Avenida de América, que alertaron sobre a caída de cristais e cascotes procedentes dun grupo de inmobles contiguos que se atopan en dita rúa, e que se corresponden en concreto cos números 11, 13 e 15. Baseándose nos informes elaborados pola Policía Local e o

departamento de Urbanismo, o Concello ordenou valar a zona para garantir a seguridade da veciñanza. Este caso motivou ademais que dende o executivo municipal se iniciase unha catalogación dos inmobles en mal estado que hai no casco urbano, detectando dous máis, un na Rúa do Progreso e outro na Rolda da Coruña, sobre os que podería ser necesario adoptar medidas de seguridade.

O sector primario terá na Madanela 5.000 metros de solo en alugueiro

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, mantivo un encontro co empresario de Melide para presentar algunhas das medidas que está a aplicar a Xunta co obxectivo de impulsar o polígono industrial.

Entre as máis destacadas está a deseñada para os proxectos ligados ao sector primario, que disporán de 5.000 metros cadrados de solo industrial na Madanela a cambio de alugueiros simbólicos. A este respecto a titular de Infraestruturas recordou que a Xunta xa ofrece a posibilidade de adquirir solo en Melide mediante dereito de superficie, contando con 17.000 metros cadrados nesta modalidade cun canon anual de 90 céntimos por metro cadrado. Trátase dunha medida pioneira en Galicia que consiste nun sistema similar a un alugueiro con prezo simbólico con dereito a compra. Segundo explicou Ethel Váz-



Dalia García e Ethel Vázquez nunha charla con empresarios

quez, esta medida persegue diminuír o risco de investimento das empresas, “que pagarán menos polo solo nos primeiros anos, que é cando afrontan maiores custos”.

A conselleira anunciou tamén que en breve serán adxudicadas dúas parcelas irregulares no polígono de Melide. Suman 2.400 metros

cadrados e foilles aplicado o desconto do 50% que aprobou a principios de ano a Xunta para aqueles terreos da Madanela con peor aproveitamento. Ao resto aplícaselles unha bonificación do 30%. No exercicio pasado vendéronse 7 parcelas en Melide con prezo bonificado. A día de hoxe restan 11 por vender.

Melide e o Combo amosarán de novo a súa cara máis solidaria

A gala solidaria do Combo Dominicano recalará por segundo ano consecutivo en Melide, que será de novo escenario dun evento de multitudes no que música e solidariedade se darán a man por unha boa causa; axudar aos máis necesitados.

O evento, promovido pola Asociación de Hostalería “Melide Móvese”, terá lugar o día 3 de xuño no Pazo de Congresos e Exposicións e realizarase, ao igual ca o ano pasado, en beneficio de Cáritas e da Fundación Amigos de Galicia. Os asistentes ao concerto solidario do Combo Dominicano, que dará comezo ás 22:00, non terán que aboar cartos pola entrada, senón produtos non perecedeiros como leite,

pasta, conservas, azucre ou aceite. En caso de non levarlos poderanse adquirir na entrada do recinto. Todo o recadado entregáraselle ás entidades sociais xa citadas, que serán as encargadas de repartir os materiais entre as familias ás que axudan habitualmente.

Dende a organización, da que tamén forma parte o Concello de Melide, agárdase sobrepasar as cifras do ano pasado. Daquela o listón xa quedou moi alto, pois recadáronse nada menos que 11 toneladas de alimentos e asistiron ao evento máis de 3.000 persoas, superando así os datos da primeira gala (celebrada en Santa Comba), na se conseguiron reunir 4 toneladas de produtos.



Presentación da Gala Solidaria na Cidade da Cultura

Planifican un intercambio musical con Santa Teresa di Riva

A finais de setembro un grupo de mozas e mozos de Melide con idades comprendidas entre os 13 e os 20 anos e relación co mundo da música viaxarán ata Santa Teresa di Riva, en Sicilia, para participar nun intercambio musical.

Así será “se non hai novidade”, tal e como explicou a alcaldesa, Dalia García, logo de recibir na casa do Concello o pasado mes de abril a unha dele-

gación procedente de dita localidade italiana.

O encontro foi unha xuntanza de traballo na que o vicecalde de Santa Teresa di Riva, a presidenta do comité local, directivos da escola de música e membros do executivo melidense perfilaron os detalles do intercambio, unha actividade que as dúas vilas presentaron conxuntamente dentro do programa Erasmus Plus da Unión Europea.

Santiso acondicionará a ludoteca de Visantoña como local de uso veciñal

A ludoteca de Visantoña, o edificio de madeira construído en Santiso con fondos Leader a carón da piscina municipal e actualmente sen uso e en estado de semiabandono será finalmente acondicionado para adaptalo como centro social.

Os traballos de mellora realizaranse aproveitando as axudas do Plan de Acción Social da Deputación, tal e como lle transmitiu o goberno local de Santiso ao presidente da entidade provincial, Valentín González Formoso, no transcurso da visita que realizou o pasado 28 de abril ao municipio, no que a institución que preside investirá 553.000 euros a través de diferentes plans.

O equipo de goberno aproveitou a ocasión para solicitar de novo o compromiso da Deputación de cara a construír sendas peonís nos núcleos urbanos de Ponte Arcediago e Visantoña. Tamén para insistir “na necesidade de apostar polos pequenos Concellos”, tal



O presidente da Deputación (3º dereita) na contorna da piscina

e como manifestou o alcalde, Manuel Adán, na recepción oficial que se realizou no salón de plenos. O rexedor trasladou tamén a súa preocupación polas consecuencias do despoboamento no rural, “unha lacra contra a que temos que loitar todos xuntos”, dixo.

A propósito disto o presidente provincial asegurou que “a diferenza do anterior

goberno” agora a Deputación “está centrando o seu esforzo inversor en concellos con menos de 20.000 habitantes e o cambio xa se nota”. Puxo como exemplo os 25.000 euros que recibirá este ano Santiso a través do Plan de Emprego Local, unha cantidade “que multiplica por tres” os 7.650 euros que recibiu en 2015.

ORZAMENTO DO CONCELLO DE SOBRADO PARA O ANO 2016

INGRESOS	
Transferencias correntes	1.112.235 €
Transferencias de capital	664.178 €
Impostos directos	406.900 €
Taxas e outros ingresos	139.600 €
Impostos indirectos	10.000 €
Ingresos patrimoniais	1.000 €
TOTAL INGRESOS	2.333.913 €
GASTOS	
Bens correntes e servizos	962.865 €
Gastos de persoal	545.352 €
Investimentos reais	735.068 €
Transferencias de capital	18.078 €
Transferencias correntes	72.300 €
Gastos financeiros	250 €
TOTAL GASTOS	2.333.913 €

O arranxo do mosteiro centrarase na eliminación de humidades e filtracións

O Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, visitou recentemente o mosteiro de Sobrado para anunciar que xa está en redacción o proxecto para restaurar o monumento e que os traballos darán comezo despois do verán. A intervención suporá un investimento de algo máis dun millón de euros e realizarase ao abeiro da estratexia deseñada pola Xunta para impulsar os camiños do Norte, dotada cun orzamento de 7 millóns de euros.

As actuacións no mosteiro terán por obxectivo principal eliminar os focos de humidade e corrixir os danos provocados polas numerosas filtracións de auga no inmovible. En concreto, actuarase para eliminar as que foron detectadas na igrexa e no claustro dos Medallóns. Tamén se revisarán as cubertas e os caleiros, eliminando a vexetación que impida a correcta evacuación da auga.

Unha vez solucionados os



O conselleiro escoitando as explicacións dos relixiosos

problemas de humidade realizarase unha limpeza das fachadas e das torres ao tempo que se arranxarán os danos provocados pola presenza de herbas nos muros e tellados. Ademais, a efectos de completar os usos culturais e públicos vinculados á igrexa e ao claustro dos Cabaleiros, o proxecto permitirá adecuar como biblioteca o

espazo que a comunidade de monxes utilizaba como capela e que a día de hoxe está baleiro de contido.

A intervención inclúe tamén a elaboración dun estudo básico do inmovible e das súas necesidades de cara á elaboración futura doutro proxecto para mantelo en bo estado de conservación.

A conselleira do Rural visita Toques

A Conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, visitou no Concello de Toques a explotación Saamil SC, unha sociedade integrada por un pai e un fillo que conta cunha granxa de porcos de cebo con 934 cabezas e outra de gando vacún con 35 vacas de leite. A conselleira puxo esta explotación como exemplo de diversificación da actividade “nun contexto económico difícil en xeral” e salientou tamén o relevo xeracional, ao que o seu departamento contribúe cunha liña de subvencións para favorecer a incorporación de mozos á actividade agraria.

Na súa visita Vázquez anunciou a aprobación 2,1 millóns de euros en axudas para reforzar o traballo de 71 Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira de toda Galicia, que grazas a estas subvencións poderán contratar servizos veterinarios dos que se beneficiarán 10.540 titulares de explotacións na comunidade.



A conselleira do Rural cun dos socios da granxa porcina de Toques

Sobrado será a liña de meta do Rally Internacional Terras do Mandeo

O mosteiro de Sobrado será un dos escenarios protagonistas da terceira edición do Rally Internacional Terras do Mandeo, que se disputará os vindeiros días 13 e 14 de maio polas pistas e camiños dos concellos de Curtis, Aranga, Guitiriz e o propio Sobrado, que por primeira vez participa como entidade organizadora e que será o lugar no que se realice a entrega de premios.

Ese momento producirase o 14 de maio a carón do mosteiro a partir das 20:30 horas, pero antes diso aínda haberá, nunca mellor dito, moito que rodar. A competición, puntuable para o campionato de España de rallies de terra, dará comezo o día 13 ás 18:45 na Praza de España de Teixeira, de onde saíran os participantes. Por diante terán un percorrido cun total de 381 km, dividido en dúas etapas e con nove tramos cronometrados que suman 117 km.



Vehículos aparcados a carón do mosteiro no rally de 2015

A falta de saber o número exacto de vehículos que correrán no Terras do Mandeo, xa que o prazo de inscrición remata o vindeiro día 9, a organización agarda superar os 59 inscritos da edición anterior. Con todo nunca poderán ser máis de 80 os automóviles participantes, xa que ese é o número máximo establecido

nas bases da competición.

Ferreiro, coche cero

Unha das novidades de última hora é a presenza Jesús Ferreiro. Mais, lonxe de loitar contra o crono, o piloto melidao participará como coche cero amosándolle ao público os tramos, velocidade e trazada que efectuarán os participantes.

A escola de patín de Toques exhibe a súa arte en Curtis



O equipo de patinaxe de Toques agardando para actuar

Abril foi un mes grande para as alumnas e alumnos da Escola de Patín de Toques, que tras varios meses de duro traballo tiveron a oportunidade de presentar no pavillón polideportivo de Curtis as coreografías que semana tras semana ensaiaron ao longo do inverno. Os nervios estaban latentes no día da exhibición pero os bailes “foron dinámicos, creativos, alegres e con moita coordinación entre os compoñentes de cada un dos grupos”, polo que non tardaron en chegar “os aplausos da xente que miraba dende as gradás”, explica o monitor das cativas, Mauro Noguerol. Unha vez rompido o xeo, xa é seguro que as patinadoras “volverán participar en eventos deportivos deste tipo”.

Campionato de pesca Terra de Melide

Os participantes pillaron 84 troitas. A maior, de 38,5 cm



Emilio Gómez (Melide)



Carlos Lamas (Sobrado)



Ainhoa Alonso (Lugo)

A mañá estaba fría, chuviosa e con brétema, pero o Campionato de Pesca Río Furelos, que celebrou o 9 de abril a súa undécima edición, non defraudou. Os 15 participantes, escollidos por sorteo entre o total de 117 inscritos, botáronse ao río ás 8:30 da mañá e ao remate do concurso, cinco horas máis tarde, o melidense Emilio Gómez proclamábase campión tras lograr capturar

10 troitas. En segundo posto, con 7 capturas, quedou Carlos Lamas, de Sobrado. O bronce foi para unha xoven troiteira de Lugo, Ainhoa Alonso, que tamén realizou 7 capturas.

En total os participantes lograron pillar 84 troitas da medida. A máis grande, de 38,5 cm, caeu na cesta de Luis Carlos Frade, motivo polo que levou o premio á mellor captura. Ademais dos triunfado-

res, a asociación de troiteiros entregoulles agasallos a todos os participantes trala comida na Pousada Chiquitín coa que se clausurou o concurso.

Dende a directiva de “Río Furelos” destacan “o impecable desenvolvemento do campionato, o extraordinario comportamento dos participantes e a profesionalidade dos xuíces que controlaron todo o proceso”.

Taller de atención sociosanitaria

Os concellos de Sobrado, Toques, Curtis, Vilasantar, Mesía e Boimorto solicitaron conxuntamente á Consellería de Economía e Industria organizar un obradoiro de emprego coa denominación *O fogar da montaña* para formar a persoas en atención sociosanitaria tanto en domicilios particulares como en institucións sociais.

Con esta iniciativa os concellos da montaña pretenden dar formación a 30 persoas que se atopen no paro e darlles así a oportunidade de obter a titulación oficial que se require para traballar no ámbito da atención sociosanitaria.

Os municipios que promoven a creación deste obradoiro, que coordinaría Sobrado, destacan que o plan de acción conxunta permitirá cubrir a elevada demanda deste tipo de profesionais no medio rural e contribuirá a paliar as dificultades coas que se atopan para atopar na zona persoal cualificado que poida traballar nese sector.

Investimentos da Deputación

A Deputación subvencionará diferentes proxectos de mellora e acondicionamento de infraestruturas culturais nos concellos da comarca: Melide, 2.494 euros para os sistemas de calefacción en distintos locais sociais e para un punto de información no casco urbano; Toques 5.034 € para acondicionar a aula da natureza; Sobrado 5.692 € para instalar un elevador e repoiñer as fiestras do edificio “Casa da Hermandad”; Santiso 7.984 € para investimentos sen concretar.



- Bocadoillos fríos y calientes

Tlf: 627 809 017

**San Antonio, 3
MELIDE**

- Raciones

- Ensaladas

- Desayunos

- Sandwiches

- Hamburguesas

- Comida para llevar

- Platos combinados



- Especialidade en:

★ Almorzos

★ Bocadoillos
quentes

★ Tapas

- Pratos combinados

- Churros
(dende as 6 a.m.)



Rúa Cátedra, 1

Plagostel

N.R.S. (B177-GAL-SFD)

calidad e higiene alimentaria

www.plagostel.com

986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto
865/2003 por el cual se establecen
criterios higiénico-sanitarios para la
prevención y control de la Legionelosis?



AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso

C. 1678

Miguel Fernández López

C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º

Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE



R/ Novoa Santos, 32 - baixo
Tlfs.: 981 50 50 98 / 654 217 798
MELIDE



Camiño de Ovedo, nº 6
Tfno.: 981 50 78 29
casamelchora@gmail.com



Cafetería y Pastelería
Estilo

C/ Progreso, 6
Tfno.: 981 505 153
MELIDE

TAHONA



Fundada en 1930

Especialidade en:

Ricos - Melindres - Amendoados
Empanadas - Rosquillas de sartén
Croissants - Pan de trigo do país
E outros produtos do Entroido
(filloas, orellas, rosquillas...)

Avenida da Habana, 7
Telf. 981 50 51 27 **MELIDE (A Coruña)**

Dous días de actividade para celebrar os 25 anos da Festa do Melindre

Serán nomeados 9 embaixadores, entre eles Fernando Romay

Este ano tampouco é un ano calquera. Logo de celebrar recentemente a distinción como evento de interese turístico galego, a repostería tradicional de Melide afronta outra cita importante coa chegada da 25ª edición da Festa do Melindre, unha cifra simbólica para un evento máis que consolidado que non por iso deixa de medrar e de buscar novas aspiracións.

Entre elas está a consecución do recoñecemento como festa de interese turístico nacional, un obxectivo para o que o Concello e a asociación “Melide Terra Doce” están a dar os primeiros pasos do-

tando de máis contidos unha celebración que por primeira vez nos seus vinte e cinco anos terá dous días de actividades; en concreto o 7 e o 8 de maio.

Esta é unha das grandes novidades e chega para quedarse, pois a intención da organización é que de aquí en adiante a Festa do Melindre se desenvolva sempre ao longo de toda a fin de semana. O propósito é darlle unha maior dimensión: “non queremos que sexa só un par de días”, explica a alcaldesa de Melide, Dalia García, “senón conseguir tamén a máxima repercusión posible e obter un feedback”.

Cara a esa dirección foron

encamiñadas todas as iniciativas promocionais que se desenvolveron nas últimas semanas, así como a programación que dará comezo o sábado día 7 na Praza do Convento, onde se concentrará tamén por primeira vez toda a actividade, incluídos os concertos musicais.

Neste apartado, ao igual ca en anos anteriores, a aposta pasa pola música tradicional e por grupos locais, como é o caso de Terça Feira, que actuará o sábado xunto cos pandereiros de Pandeiramus. O domingo poñerán o peche Os Melidaos e Tiruleque. Previamente, ao mediodía, o presen-



Degustación de melindres na Praza de abastos de Compostela

tador e cómico galego Rafa Durán encargárase de ler o pregón e de seguido procederase ao nomeamento dos novos embaixadores/as do melindre, que este ano serán: Fernando Romay, ex xogador de baloncesto; Almudena Villegas, premio nacional de investigación en gastronomía;

Cecilia Vázquez, directora xeral de Xuventude; Juan Gil de Araújo, presidente do CRDO Rías Baixas; Ánxeles Vázquez, conselleira do Medio Rural; Xurde Morán, escritor e xornalista; Xoán Crujeiras, chef no restaurante La Estación; CIRE Melide e Cristino Álvarez, crítico gastronómico.

Abrindo novos horizontes: intensa promoción da repostería melidá

A Festa do Melindre comeza en realidade moito antes dos días propios da celebración cunha mancha de actividades desenvolvidas polo Concello e a asociación “Melide Terra Doce” para promover tanto a festa como a repostería tradicional da vila.

Como parte dese traballo previo os melindres, ricos e amendoados, traspasaron por primeira vez fronteiras e chegaron a Portugal, onde foron os protagonistas, xunto co viño de Porto, dunha xornada de maridaxe que se realizou na Escola de Hostalería e Turismo da cidade lusa e na que participou o alum-

nado de pastelería.

En días previos realizouse unha actividade semellante baixo o título “Maridaxe dos sentidos” en colaboración co Consello Regulador das Indicacións Xeográficas de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e do barman Ángel Camiña, quen elaborou tres cócteles diferentes para combinar cos melindres, ricos e amendoados. Neste caso o escenario foi a Praza de Abastos de Compostela, que posteriormente acolleu unha degustación gratuíta dos doces típicos de Melide.

A presentación oficial da festa



Xornada de promoción do melindre na Escola de Hostalería de Porto (Portugal)

realizouse este ano na cidade de Ourense, onde a comitiva integrada por membros do goberno local e melindreiros foi recibida

polo alcalde da cidade das Burgas, Jesús Vázquez, nomeado embaixador do melindre durante a súa etapa como conselleiro.



Especialidad en:
Empanadas y
Dulces variados.

Teléfonos:

981 50 53 82

600 69 38 27

607 11 55 32

C/ San Antonio, 21

MELIDE

xxv

7-8
MAIO
2016

FESTA DO
MELINDRE
E DA REPOSTARIA
TRADICIONAL DA
TERRA DE MELIDE

Sábado, 7
**TERÇA FEIRA
PANDEIROMUS**

Domingo, 8
**OS MELIDAO
TIRULEQUE**

GASTRONOMÍA MINI FEIRA DE ARTESANÍA DE GALICIA
ANIMACIÓN DE RÚA ANIMACIÓN INFANTIL

FESTA DE INTERESE
TURÍSTICO
GALEGO

ARTESANÍA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

galicia

CONCELLO
DE MELIDE

Logo of the festival and various local and regional authorities.

XXV FESTA DO MELINDRE PROGRAMACIÓN

SÁBADO, 7 DE MAIO

17.00 h: Apertura de stands.

19.00 h: Showcooking co chef **Xoan Crujeiras** do restaurante La Estación. (Grupo Nove, 1 estrela Michelin).

22.30 h: Actuacións musicais:
**TERÇA FEIRA
PANDEIROMUS**

DOMINGO, 8 DE MAIO

11.00 h: Lanzamento de bombas de palenque que anuncian o comezo da festa e apertura de stands.

Animación de rúa con música tradicional.

12.30 h: Pregón a cargo de **Rafa Durán**.

Entrega de títulos de recoñecemento "embaixadores e embaixadoras do Melindre".

17.00 h: Sorteo de premios entre os participantes do IX Concurso de Debuxo Melindrescosos.

17.15 h: Actividade infantil: Os xogos do Paporrubio.

19.30 h: Actuacións musicais:
**MELIDAOS
TIRULEQUE**

Na Praza do Convento

O alumnado do Pastor Barral, protagonista dun videoclip musical

Por todos é sabido que Melide é terra de artistas, mais se alguén alberga aínda dúbidas pode desbotalas todas dun golpe vendo "Campión internacional", o primeiro videoclip do grupo de música infantil A Gramola Gominola.

Aí, coma peixe na auga, aparece o alumnado do colexio Mestre Pastor Barral, o lugar elixido como plató de rodaxe deste traballo audiovisual que protagoniza Brais Varela, estudante de terceiro da ESO. Xunto con el, e como parte imprescindible do traballo, actúan os 170 nenos e nenas do colexio público melidense, que o pasado 14 de abril acolleu a presentación oficial do videoclip e o posterior concerto en directo da Gramola Gominola.

Detrás deste proxecto agóchase algunha cara coñecida, como a de Manuel Varela, que rexenta na vila o estudio de fotografía Imaxina e que,



A Gramola Gominola actuou de balde para o alumnado do N° 3

xunto con Afonso Baldomero, de Meroafonso Comunicación Audiovisual, son os produtores e directores de "Campión Internacional".

Ademais do colexio nº 3, tamén se rodaron escenas na Casa Curros de Visantoña ou no campo de fútbol de Melide, onde se sumaron os alumnos e

alumnas das escolas deportivas do CIRE. No videoclip dá-selle unha relevancia especial ao xogo e por iso resultou indispensable a colaboración da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, que puxo a disposición dos cativos todos os xogos empregados na gravación do traballo.

O Día do Libro descobre a paixón de Melide por Cervantes e Don Quixote

Foi un éxito e unha sorpresa ao mesmo tempo. O Día do Libro conmemorou este ano o 400 aniversario do pasamento de Cervantes e a exposición organizada pola biblioteca municipal con tal motivo baixo o título "Todos os Quixotes na biblioteca" puxo de manifesto a querenza dos melidenses por esta obra cume da literatura universal.

"Foi unha sorpresa saber que estaba tan presente; vese que á xente lle gusta telo nas casas", explica a directora do centro, Ánxela López, que nunca pensou de reunir os preto de 100 volumes que chegaron ás súas mans en cuestión de días. "Foi soltar a noticia e empezar a entrar os Quixotes pola porta" explica menos sorprendida neste caso pola xenerosidade dos lectores: "a xente é máis desinteresada do que cremos e séntese na obriga de colaborar porque sabe que aquí se leva todo sen pagar e está moi claro que o que hai



A exposición reuniu preto de 100 exemplares do Quixote

na biblioteca é de todos".

Grazas a esa xenerosidade estiveron expostos dende exemplares de gran valor ata outros do máis curioso: unha edición de 1930 para ler nas escolas, outra da RAE adaptada á linguaxe actual, as versións de cómic ou as pensadas para o público infantil, como as do ilustrador galego Anxo Fariña, que adaptou anacos do

Quixote en clave autóctona para menores de 7 anos.

Pero non só libros, á exposición chegaron tamén figuras de Quixote e Sancho en madeira ou cerámica, un taboleiro de xadrez, dúas pezas elaboradas pola familia Cagide (coñecidos tallistas de Furelos), e mesmo un cadro pintado para a ocasión polo artista local Quiñoa.

Torneo de tute Santa María

Á segunda foi a vencida. A comisión de festas de Santa María celebrou o campionato de tute que se viu na obriga de suspender na primeira intentona por culpa das inclemencias do tempo e fíxoo con éxito de participación. Tamén con moitas de horas de cartas ata coñecer o nome dos gañadores: Agustín Sesar e J. M. Faílde.



Agustín Sesar e J. Manuel Faílde, gañadores do torneo



José Luis Mosquera e Sergio Ares, subcampións

MELIDE ACOLLERÁ O 22 DE MAIO A II FEIRA DE CANS DE CAZA



Turismo Melide

Melide converterase de novo nun referente para o sector cinexético o vindeiro 22 de maio, día no que o Pazo de Congresos e exposicións acollerá a segunda edición da Feira de cans de caza, na que se entregarán premios ao mellor exemplar de cada raza, á mellor gaiola, á mellor manda e á mellor camada. A actividade completárase con degustación de caza e cunha master class a cargo de Héctor López, membro do Grupo Nove e chef do afa-

mado restaurante España, en Lugo.

Como antesala desta feira celebrouse entre os días 15 e 17 de abril a II Copa Galicia Terra de Melide, á que acudiron 160 cazadores procedentes de toda a xeografía galega, ademais de Asturias, Cantabria, País Vasco e Castela para participar nas tres probas que se disputaron: rastro de coello, rastro de xabaril e a do campionato de San Huberto. Entre os ganadores e finalistas repartíronse 6.000 euros.

O EXCELENTE RESULTADO DE COMBINAR LIBROS E SOLIDARIEDADE



A solidariedade sempre funciona ben no colexio Mestre Pastor Barral e combinada coa literatura dá como resultado un excelente proxecto pedagóxico, como o que puxo en marcha o equipo da biblioteca con motivo da celebración do Día do Libro.

Nel participou toda a comunidade educativa, que ao longo dunha semana foi achegando ao centro todo tipo de libros: infantís por suposto, pero tamén de autoaxuda, de cociña,

novelas e mesmo enciclopedias. Todo ese material, debidamente clasificado, foi exposto durante outra semana na entrada do colexio para quen quixera ilo mercando. Mais o medio de pago non foron os cartos, senón os alimentos e artigos de primeira necesidade. Un libro, tres ou cinco por cada produto entregado. O material reunido xa lle foi entregado a Cáritas de Melide para distribuír entre as familias necesitadas da vila.

ESCUELA AYUDE MARCA TERREO NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE KICK BOXING



A cidade de Salamanca acolleu a fin de semana do 22 e 23 de abril os campionatos de España de Kick Boxing, dos que a selección galega saíu como a máis laureada de todas as participantes. Nese éxito tivo moito que ver a actuación dos deportistas da Escuela Ayude, que volveron para Melide con 11 metais: seis ouro conseguidos por Aron Ayude, Cora Ayude e Nahum Ayude (que lograron a vitoria tanto na proba light contact como na point

fighting); tres pratas, conseguidas por Nicolás Devesa (2) e Víctor Buján; e os bronce de Sabela Cabado e Cristina Cardeiro. Outra das alegrías para Escuela Ayude chegou da man de Nerea Iglesias, que logrou clasificarse para o campionato de España de esgrima en categoría infantil logo de meterse entre as 25 mellores no último ranking nacional, celebrado en Valladolid. Marcos Villamor acabou 88º e Nahum Ayude 80º.

O EQUIPO DE XADREZ DO PASTOR BARRAL, SUBCAMPIÓN EN COMPOSTELA



Son sete nenos que cando comezaron en outubro as clases de xadrez tiñan uns coñecementos máis ben escasos sobre a materia. Agora, seis meses despois, acaban de quedar subcampións no Torneo Escolar de Xadrez da comarca de Compostela, disputado o 24 de abril na capital de Galicia.

Tal fazaña ten nomes e apelidos: Breixo Cea, Sergio Casal, Siro Suárez, Sergio Quintás, Bruno Neira, Martín Iglesias e Víctor Buján. Malia que os

dous últimos non puideron asistir ao campionato forman parte tamén do equipo de xadrez do colexio Mestre Pastor Barral, formado grazas á iniciativa da ANPA Camiño Real, que apostou por unha actividade que nunca antes se impartira no centro escolar.

Parte do mérito tamén lle corresponde ao mestre dos subcampións, Xosé García Rodríguez, quen tamén conseguiu que o seu club de xadrez de Arzúa ascendese a 2ª división.

ESMALTES SINTÉTICOS
PINTURAS PLÁSTICAS
BARNICES
DISOLVENTES
HERRAMIENTAS...



El Mundo del Pintor



Alberto Mejuto López

Avda. de Lugo, 43
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno./Fax: **981 50 90 77**
Móvil: **682 61 24 59**



Habitaciones de 4 y 8 plazas con taquillas
Rooms of 4 and 8 places with lockers



Desayunos a partir de las 6:00 h.
Breakfast from 6:00 am



Cocina equipada. Salón con TV y juegos
Fully-equipped kitchen. Lounge with TV



Wifi gratis. Calefacción. Adaptado a minusválidos
Free Wifi. Heating. Adapted for disabled



Parking para bicicletas
Bicycle parking



Albergue San Antón

C/ San Antón, 6 - MELIDE



981 506 427 - 698 153 672

www.alberguesananton.com

alberguesananton@gmail.com



Jardín privado de 340 m² con tumbonas, mesas y sillas
Private garden of 340 m² with sun loungers, tables and chairs

Foliada de Melide: comeza o reto da adolescencia

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

A Foliada de Melide acadou nesta edición o seu doceavo aniversario. Comeza así, despois dos primeiros anos nos que a tónica predominante foi a adaptación a un contexto que se ía construíndo chanzo a chanzo, na que as aprendizaxes foron a constante nun camiñar cargado de incertezas e no que albiscar o futuro pouco importaba porque o presente era o suficientemente sufocante. Os doce anos achégannos, se me permiten facer o paralelismo, á idade da adolescencia que, na actualidade, albíscase como un momento de adversidades, de rebeldías, de desencontros e os malestares convértense no habitual. Polo tanto, constrúese a adolescencia como unha etapa problemática. Quizais se debe a que a adolescencia, como etapa previa á xuventude ou como eterna adolescencia, é a preparación cara á independencia adulta.

De feito, sóese presentar a adolescencia en termos dunha etapa pola que inexcusablemente hai que pasar. Sen embargo, as consecuencias da súa xestión poden ser tanto positivas como negativas para o



propio adolescente, as súas familias e o medio no que se insiren. Se aceptamos que a adolescencia é un momento máis na formación da persoa, pero coas peculiaridades de cambios físicos, mentais e, sobre todo, novas atraccións, o cóctel pode ser aproveitado para construír unha personalidade e unha relacións en termos de estabilidade e superación dos distintos conflitos ou pode tornarse explosivo.

Fuxir, cando menos, do xeito hexemónico de mirar a adolescencia na nosa sociedade, que é pondo etiquetas, é irrenunciable cara construír unhas relacións diferentes.

Aos adolescentes na nosa sociedade solicítaselles xestionar ben os riscos e asumir responsabilidades. Sen embargo, ditas responsabilidades danse por asumidas nos adultos. O camiño debe ser bidireccional para non crear disonancias nin

ambivalencias. Os adolescentes están buscando a senda para converterse en adultos e, no traxecto, a individuación convértese nun proceso en busca de autonomía que, en moitas ocasión, os mesmos adultos non son capaces de obxectivar antes os cambios que abafan a cotidianidade. Polo tanto, a tensión entre a dependencia familiar e a procura de autonomía é o obxectivo para adaptarse á nova realidade á que

deben enfrontarse as familias e os seus fillos adolescentes porque a construción da realidade non parece complementarse.

A Foliada de Melide atópase entón ante o reto de comezar unha nova xeira na que o descubrimento, as novas incertezas, achegarse ao descoñecido, pensar de xeito diferente ao status quo e, finalmente, ir construíndo unha personalidade adulta vai ser un cometido polo que, irremediabilmente, haberá que transitar. A senda trazada parece albiscar un camiño sen exceso de curvas, mais, como ben sabemos, por moitos alicerces que poñamos, a adolescencia está chea de precipicios, de rodeos, de toxos e penedos que nos deben permitir esbozar con imaxinación e creatividade novos vieiros.

En definitiva, a Foliada entra nunha nova xeira, do mesmo xeito que a chegada á adolescencia, e terá que enfrontarse a un camiño no que deben seguir inmersos, para que o tránsito á independencia adulta se faga con certo éxito, toda unha serie de actores que arrodean e transcenden o acto festivo en si mesmo.

Sucedeu en Visantoña hai 66 anos

Xosé Núñez López, escritor

A parroquia de Visantoña sempre foi e segue sendo moi festeira, pois mentres nas da contorna só hai dúas desas festas cada ano, aquí aínda conservamos tres: o San Antón, a patronal do San Xoán e ao do San Agustín no mes de Agosto. Ata non hai moito tempo tiñamos outra máis, chamada a “Función de Hijas de María”, que se celebraba no mes de maio. Era unha festa completa con banda de música, misa solemne, foguetes, procesión e baile pola tarde.

Era unha festa que gustaba tanto a persoas maiores, en canto se refería aos actos relixiosos da mañá, como como á xuventude, que gozaba bailando aos acordes da

banda de música ata ben entrada a noite. E digo que antes gustaba aos maiores porque durante a misa cantada había un oco durante o cal parellas de nenos e nenas recitaban versos dirixidos á virxe que, aos que estaban ben preparados, daba gusto escoitar a desenvoltura coa que os dicían. Non era así naqueles casos nos que a vergoña lles impedía aos cativos acabalos e remataban chorando. Pero sobre todo eran os pais e os avós os que máis gozaban con aquela ocasión de ver algo novo ou diferente, xa que por entón “nunca pasaba nada” e calquera cousa que rompese a monotónia do día a día era moi celebrada.

Pero polo ano de 1950, como o párroco de entón non era partidario do baile chamado “agarrado”, decidiu de acordo coa xefa das Hijas de María, posto que eran eles quen organizaban e sufragaban os custos da festa, que ese ano só se celebrara a parte relixiosa. A nova de que no ía haber o baile da tarde axiña chegou aos oídos da xuventude, que a colleu con moito desgusto e decidiu vingar dalgunha maneira o que lles parecía unha afronta.

Deste xeito algúns días antes, sabendo que xa trouxeran a pólvora e que estaba gardada no hórreo dun veciño da súa confianza na aldea de Balocás, unha noite presentouse

un grupo de catro ou cinco mozos na casa do bo home esixíndolle que lle entregara a chave do hórreo. Como xa imaxinaba para que a querían, negouse a dárllella e ante a negativa un dos mozos encañouno cunha pistola dicíndolle: “entregas a chave do hórreo ou non?”

O bo do home, ante razóns tan convincentes, entregoulles a chave e seguidamente os mozos colleron os foguetes e marcharon con eles non sen antes despedirse “amablemente” do dono dicíndolle que contra el non había nada e que estivese tranquilo. Salvo fo-



guetes, os actos da mañá celebráronse coa mesma solemnidade de cada ano. O párroco e as Hijas de María non denunciaron os feitos e a cousa non foi a maiores. En anos sucesivos a festa de maio volveu ser completa como sempre fora ata o falecemento da xefa das Hijas de María, que supuxo a desaparición desta fermosa festa e tamén da congregación relixiosa.

ESTHER BOUZO GRANDE, LA CORTINA

“Nun negocio tes que aprender a diario, o que sabías onte non vale para mañá”

Para Esther Bouzo o sector comercial semella ter poucos segredos. Logo de toda unha vida dedicada á confección e instalación de cortinas e despois de vinte anos á fronte da súa propia tenda, fala coa seguridade de quen sabe como ha de mover os fíos. Namorada da súa profesión e valente á

hora de afrontar retos, defínese como unha persoa “innovadora ao 100%” que busca actualizarse constantemente nun sector “no que se te quedas parada morres”. La Cortina é o seu mundo, un mundo cheo de cor e ideas que ten como piares a complicidade e o trato directo coa clientela.

- Hai 20 anos que La Cortina abriu as súas portas en Melide. Como foron os inicios do negocio?

-Esther Bouzo (E.B.): Empecé con moita ilusión e con moitas ganas de traballar, porque a min sempre me gustou a decoración. Abrín nuns anos onde todo ía ben e tiveron moita sorte, traballo, saúde e xente competente ao meu carón. Comecei traballando en Vitoria para unha casa que se chamaba Castaño e alí foi onde me inicie. Logo vin vivir a Melide, onde me deu unha grande oportunidade Socorro, de Decoraciones Paulino. Despois chegou un momento no que ou me lanzaba ou me quedaba estancada, e como son un cu inquieto, atrevínme e monte esta tenda.

- Como cambiou o sector e o xeito de facer negocio nestes vinte anos?

-E.B.: Este mundo está sempre cambiando e evolucionando, se quedas parado morres. Hai que aprender todos os días porque o que sabías onte xa non vale nada para mañá. Nese caso eu teño a sorte de que o meu traballo me apasiona e tamén me gustan os retos. Pero ademais de cambiaren as formas de traballar, tamén cambiou a clientela. Agora sabe moito máis o que quere grazas a internet. Primeiro miran o que hai e logo veñen coas ideas claras.

- Como leva o reto de competir cos centros comerciais das cidades?

-E.B.: Loitar contra as grandes áreas é coma loitar contra Goliath. Hai que esquecerse delas e buscar o sitio por onde podes facer o teu propio carreiro. Se ves como che están adiantando internet e as grandes superficies, ti tamén tes que avanzar



Esther Bouzo, propietaria de La Cortina, e Laura Monterroso, empregada

ofrecendo un valor engadido ao teu traballo: máis atención, máis mimo, algo que capte ao cliente e que os grandes non poden ofrecer. A min encántame ver estas mozas que están montando tendas novas en Melide e que van saíndo adiante. Encántame ver como loitan e como traballan, sen medo ás grandes marcas. Iso é o que nos fai falta e o que hai que facer: traballar máis e personalizar moito a atención. Desesa maneira a xente confía en ti e vente buscar.

- Arrisca á hora de elixir a mercancía que pon á venda na tenda?

-E.B.: Eu son moi avanzada, innovadora ao 100%, e gústame ter cousas novas na tenda. De feito estou moi atenta ao catálogos de mobles e ás modas de pintura para ir nesas liñas. De todas formas o

básico sempre o teño porque sei que iso nunca vai decepcionar. A clientela hai que respectala e o seu gusto tamén; ti podes modelalo pero sempre dentro das preferencias de cada un. Por iso é que temos miles de teas para cortinas, centos de sabas e produtos moi diferentes, xa que hai gustos para todo.

- Hai que ser un pouco psicólogos...

-E.B.: Efectivamente. Non vale ensinalle a todo o mundo o mesmo. Eu teño moita conversación coa xente pero nunca é tempo perdido, porque vou recollendo información e coñecendo os gustos. Á hora de venderlle aos clientes gústame moito mirarlles a forma cando entran pola porta: como visten, como andan, como falan... fago unha composición de lugar e des-

pois vou ensinando cousas que sei que poden encaixar.

- En todo este tempo, que imaxe intentou proxectar de La Cortina?

-E.B.: A min gustaríame que a xente se quedara coa idea de que somos formais. É importante vender, pero somos xente de peso e preferimos deixar de facer unha venda antes de enganar a ninguén. En nós pódese confiar. Faime moi feliz que alguén chegue á tenda porque lle dixeron “vaite alí e déixate asesorar, que non te van enganar”.

- Que pode atopar a clientela na súa tenda?

-E.B.: A confección e instalación de cortinas é a actividade principal. Despois temos o resto de complementos para o fogar: alfombras a medida e con formas e materiais dife-

“Son innovadora ao 100% pero o básico sempre o teño porque sei que nunca vai decepcionar”

“Todo o mundo admira Melide polo constante e loitadora que é a xente do sector comercial”

rentes, nórdicos, mantas, sabas, toallas, mantelerías... cada día aprendemos e facemos cousa máis sofisticadas.

- Como ve o comercio de Melide a nivel xeral?

-E.B.: En relación coas vilas que eu coñezo e nas que me movo, véxoo moi ben. Eu non son de aquí e admiro a xente de Melide porque vexo a súa loita diaria. Á inmensa maioría vailles ben e non é porque llo regalen, senón porque o ganan a pulso. Todo o mundo admira Melide polo loitadora e constante que é a súa xente. Ao final iso ten unha recompensa. Eu ao comercio de Melide doulle un 10.

La Cortina

**Tlf: 981 50 63 58
Avenida de Lugo, 43**



Melide, do 9 ao 20 de Maio de 2016

As compras na túa vila teñen premio

Sorteamos 4000 €
5 premios de 300 € e 25 de 100 €

Os premiados recibirán unha
TARXETA REGALO

SORTEO

Venres, 20 de
Maio de 2016
ás 19:00 h na
Praza do Convento
Melide



**FEDERACIÓN
GALEGA DE
COMERCIO**

Teléfono de información:
Federación Galega de Comercio
982 255 120

cg comercio**galicia.es**

XUNTA
DE GALICIA

Campaña de dinamización do consumo no comercio polo mundo das vilas galegas. Boas disposicións ante o titular